

MÉRCORES 10 DE XUÑO, NOVA XORNADA DE PARO

Todas e todos sabíamos o que nos xogábamnos na negociación do Convenio Colectivo, por ese motivo houbo unha mobilización capaz de retirar as maiores agresións dun texto, que finalmente foi aprobado no mes de xullo e de costas aos traballadores e traballadoras.

As agresións que conseguimos rexeitar daquela: **nova clasificación profesional e novo modelo salarial**, están a ser negociadas de novo nas *"mesas de ocultación permanente"*. A información que nos chega desas mesas, a través das actas, debería preocuparnos a todas e todos, xa que se está a discutir todo o que a empresa pretendeu colarnos na negociación do Convenio Colectivo.

Na CIG entendemos que só nos queda a mobilización para frear as pretensións da empresa. O que nos estamos a xogar e de tal importancia que non loitar agora podería traernos repercusións moi graves no futuro.

Existen motivos máis que de sobra para mobilizarnos, o que está en xogo na negociación permanente é rachar o actual modelo de contrato laboral: rebaixando o salario base e liquidando a antigüidade, unificando categorías laborais sen ningún beneficio para os traballadores e traballadoras. A máis, debemos rexeitar con rotundidade a externalización de actividades en incontables departamentos. Perder actividades é perder garantía de emprego, sen esquecer a conxelación salarial para os traballadores e traballadoras, que non para os directivos, incumprindo o asinado en convenio. Tamén a represión da empresa é un motivo de preocupación: hai dous delegados de Madrid despedidos por defender un bo convenio para todos.

Estamos convencidos de que a participación nos paros ten que ir incrementándose para dar resposta á escalada da empresa na liquidación de dereitos, xa que esta é a única vía que nos queda para loitar na defensa das nosas condicións de traballo. Debemos resistir e sumar apoios para que a empresa entenda que non vai poder liquidar o actual modelo de emprego en Telefónica.

Temos que demostrarlle á empresa que loitaremos por defender as nosas condicións de traballo, non podemos perder esta batalla porque nela estamos a xogarnos o futuro.

POLA DEFENSA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO, O 10 DE XUÑO PARA !!!

Galiza, 9 de xuño de 2009